

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE ARMENTEIRA (MONXAS CISTERCIENSES) PARA O ESTUDO DE NOVOS PRODUTOS DE COSMÉTICA ELABORADOS CON ACEITE VIRXE EXTRAÍDO POR Prensado en frío de sementes de camelias cultivadas en Pontevedra.

COMPARECEN:

Dunha parte, D^a M^a del Carmen Silva Rego, con DNI nº 36049002K, Presidenta da Deputación de Pontevedra, con CIF P-36 00000- H, e sede na avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra., que actúa en nome e representación da mesma de conformidade co establecido no artigo 34.1,b da Lei 7/85, de 2 de abril.

Doutra parte, a irmá D^a Ana Moneo Castel-Ruiz, con N.I.F 16003057W, Superiora da comunidade do Mosteiro de Sta. María de Armenteira (Hermanas Cistercienses), con sede social en Vilar - A Armenteira, 36192 Meis - Pontevedra, con N.I.F. R-3600323-D, en representación da mesma.

Actúa como Secretario D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación de Pontevedra, que dá fe do acto.

As partes recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben no nome das súas respectivas entidades o presente convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Deputación de Pontevedra, é unha entidade de dereito público de carácter administrativo, que ten personalidade xurídica e patrimonio propios.



SEGUNDO.- A Estación Fitopatolóxica Areeiro (EFA) é un centro da Deputación de Pontevedra que conta cunha ampla colección de especies e cultivares de camelia e desenvolve actividades de investigación, formación e desenvolvemento científico e tecnolóxico e dispón de máis de 30 anos de experiencia en diferentes aspectos do xénero *Camellia* como a conservación, técnicas de cultivo, historia, identificación por técnicas morfoloxías e moleculares, e estudos dos seus diferentes usos e aplicacións, entre eles a extracción de aceite a partir das sementes de camelia e os seus usos para a elaboración de produtos cosméticos de alta calidade. Pontevedra é a provincia de España onde medran máis camelias e estas teñen maior tamaño e unha alta produción de sementes. Dada a reputada calidade do aceite de camelia no mundo, a EFA puxo a punto a técnica de extracción en frío de aceite utilizando as sementes recollidas nos xardíns da provincia para ofrecer unha posibilidade de rendibilizar un produto de altísima calidade que non se estaba utilizando, sendo o primeiro país de Europa en poñer a punto esta técnica posibilitando a obtención dun produto diferenciábel de calidade moi recoñecida no sector culinario é cosmético. Unha vez posto a punto o método de extracción é importante coñecer a utilidade e uso como ingrediente de formulados cosméticos para o coidado da pel. Este coñecemento implica unha maior rendibilidade ao utilizar como materia prima para elaboración de produtos de cosmética de alta calidade, unha sustancia bruta obtida na provincia, aumentando o valor engadido.

A elaboración destes produtos encadrados na liña de cosmética natural require man de obra especializada, polo que esta actividade no novo sector da cosmética reflectirase nun aumento da oferta de contratación de persoal na provincia.

TERCEIRO.- A comunidade do Mosteiro de Sta. María de Armenteira vive do traballo manual e parte dos seus ingresos proceden da elaboración e venda de produtos naturais, e produtos cosméticos naturais coma xabóns de glicerina e aceites, cremas, bálsamos labiais, etc...estando rexistrada en Actividades Económicas no epígrafe: "*Fabricación de Jabón y Productos de Perfumería*" polo que realiza tódolos controis de calidade abrigadoiros na lexislación actual para o sector. Dada a calidade do aceite de camelia e máis concretamente o obtido das camelias que medran en Pontevedra e os beneficios na saúde especialmente no coidado da pel, a comunidade está especialmente interesada en ofrecer produtos elaborados co aceite obtido das sementes das camelias da provincia.

Ademais, o Mosteiro recibe moitas visitas, polo que a súa tenda ofrece un espazo idóneo para a difusión e promoción de produtos novos de calidade elaborados con produtos provinciais que dende a Deputación estanse a promocionar xa que pode supor una fonte de ingresos importante para o sector agrario da provincia.

CUARTO.- Sendo de interese para ambas as partes a investigación para a posta a punto e produción de novos produtos cosméticos a base de aceite de semente de



camelias recollidas na provincia, formalízase este Convenio de colaboración entre elas, mediante este escrito, conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é o estudo da rendibilidade de plantacións de camelia cultivadas en Galicia e das sementes producidas, así como da calidade do aceite virxe extraído por prensado en frío destas sementes para o seu uso cosmético, especialmente para a elaboración de produtos naturais coma xabóns, xampús, cremas, bálsamos labiais, etc.

O proceso de extracción e análises de aceite a partir de sementes de camelia está posto a punto dende hai varios anos na Estación Fitopatolóxica Areeiro, pero aínda non se coñece a produción de sementes por planta nin canto tarda unha planta en chegar a máxima produción. Estes datos son necesarios para coñecer a rendibilidade de futuras plantacións comerciais.

Para coñecer a rendibilidade da produción do aceite é imprescindible coñecer a produción das plantas polo que este convenio tamén ten por obxecto facer un estudo de produción de sementes por planta nunha plantación de camelias xa establecida, co obxectivo de obter datos que permitan saber canto tardan as plantas en alcanzar a plena produción e facer un estudo real de produción por hectárea para o establecemento de futuras plantacións con fines comerciais, que permitan o aproveitamento e rendibilidade de bosques ou parcelas sen cultivar, para o desenvolvemento de zonas rurais da provincia.

Para estudar a produción por planta, deberán recompilarse datos de floración e frutificación en cada unha das plantas do estudo. Estes datos serán recollidos polas monxas do Mosteiro, seguindo os estádios fenolóxicos de *Camellia japonica* da BBCH, definidos e enviados a EFA para o seu procesamento e para a realización dos informes correspondentes.

No momento da colleita, recolleranse as sementes producidas por cada planta por separado e serán pesadas. Se recollerá unha mostra aleatoria de 10 froitos por cada planta que serán pesados e medidos, ademais de contar e pesar as sementes contidas en cada un deles.

A rendibilidade e calidade das sementes calcúlase partindo do aceite producido e se avaliará co análise químico realizado na EFA, no que se determinarán a cor, índice de peróxidos, índice de refracción, índice de acidez, índice de iodo, densidade, humidade, etc.

É de interese que este Convenio se firme coa comunidade do Mosteiro de Armenteira xa que xa ten unha pequena plantación de camelias para a produción de aceite dende o ano 2010, con datos da súa produción. A plantación inicial realizouse con 15



exemplares de *Camellia japonica*, 24 de *C. sasanqua* e 9 *C. hibrida* de diferentes cultivares seguindo as recomendacións da EFA. Dende o inicio da plantación, as monxas recompilaron a información do total de sementes producidas (en peso). Na EFA mantemos un rexistro do seu rendemento e da calidade do aceite obtido a partir desas sementes.

Co aceite obtido a partir das sementes destas camelias, puxeron a punto a fabricación de xabóns, e bálsamo labial, e na actualidade queren investigar na mellora das fórmulas e na elaboración de outros produtos cosméticos naturais con aceite de camelia.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio as partes asumen os seguintes compromisos:

A Estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra asume os seguintes compromisos:

- Asesoramento á comunidade do Mosteiro de Armenteira sobre as labores culturais da plantación de camelias nas distintas épocas do ano, así como sobre a recollida de mostras e datos para facer o estudo de produción de sementes por planta.
- Subministración de plantas de camelia previamente seleccionadas pola alta produción de sementes con alto contido en aceite, para ampliar a plantación de camelias existente, co obxectivo de estudar o comportamento destes cultivares en condicións de plantación piloto, xa que, na EFA, ao no dispoñer de sitio na finca, as plantas están en maceta no viveiro.
- Subministración do aceite sobrante obtido mediante prensado e filtrado das sementes entregadas polo Mosteiro de Armenteira para os estudos de produción, unha vez utilizado o necesario na EFA para os seus estudos e análises.
- A cantidade de aceite que se lle entregará ao Mosteiro de Armenteira dependerá das sementes que entreguen, que está relacionada coa produción anual de froitos por planta. Este estudo é un dos obxectivos do proxecto xa que aínda non existen en Galicia plantacións comerciais que permitan, ata o momento, realizalo. Estudos previos realizados en Areeiro e algúns pazos da provincia de Pontevedra, permiten saber que unha planta adulta pode producir ata 1-2 kg de semente o ano, dependendo da idade e o estado da planta, as condicións climáticas e a localización.



- Pódese estimar que a cantidade de aceite que se entregará ao Mosteiro de Armenteira polas sementes recollidas no propio Mosteiro estará entre os 5 e os 10 l.
- Subministración de aceite extra, extraído a partir de sementes de camelia cultivadas en Galicia, cando o aceite do obtido das camelias da súa plantación non sexa suficiente para os estudos e investigación na elaboración de produtos cosméticos naturais. A cantidade de aceite extra subministrada dependerá da dispoñibilidade de aceite no laboratorio e das necesidades do proceso de elaboración de novos produtos.
- O aceite extra subministrado non superará os 15 l. Estas cantidades poderán modificarse por acordo entre as dúas partes sempre que Areeiro teña aceite dispoñible.
- Entrega do correspondente análise de calidade rutineiro do lote de aceite extraído no laboratorio da EFA.
- Asesoramento para a recollida de datos dos estadíos fenolóxicos e de produción de sementes por planta.
- Uso dos datos rexistrados na plantación de camelias do Mosteiro de Armenteira para facer o estudo de produción de sementes por planta, co fin de extrapolar os datos para a estimación da produción de sementes por hectárea, que poda utilizarse para o establecemento de futuras plantacións comerciais na provincia.
- Elaboración do informe anual de actividades e resultados cos datos enviados polo persoal de Armenteira e cos resultados obtidos en Areeiro.

O Mosteiro de Sta. María de Armenteira asume os seguintes compromisos:

- Seguir as indicacións da EFA respecto as labores culturais da plantación de camelias para a produción de sementes, e para a recollida de mostras e toma de datos.
- Recompilación de datos de fenoloxía das camelias plantadas segundo as indicacións do persoal da EFA, e seguindo os estadios fenolóxicos propostos para *Camelia japonica* na BBCH.
- Recompilación de datos de produción por planta durante os anos que dure o convenio: peso total da colleita por planta; de 10 froitos por planta recollidos o chou, de cada froito: peso, diámetros maior e menor, número de sementes contidas no interior.



- Utilizar o aceite de camelia entregado pola EFA para investigación na elaboración de produtos cosméticos naturais (xabóns, bálsamos labiais, xampús, cremas...).
- O Mosteiro de Sta. María de Armenteira comunicará á EFA os diferentes produtos en que se utiliza o aceite obxecto deste proxecto. En caso de querer utilizalo para outro fin, deberá solicitar a súa aceptación pola Deputación de Pontevedra.
- O Mosteiro de Sta. María de Armenteira comprométese a entregar á Deputación de Pontevedra mostras dos produtos cosméticos naturais elaborados con aceite de camelia resultante das súas investigacións.

Estas mostras serán entregadas en actos de promoción provincial (eventos, feiras e outras actividades de interese provincial), para a realización de estudos de percepción e aceptación destes produtos pola cidadanía, co fin de poder definir cales son as súas necesidades e preferencias.

Realizaranse enquisas ás persoas receptoras das mostras para que dean a súa opinión e valoren a mostra, para poder analizar se merece a pena a súa fabricación ou non para lanzalo ao consumidor. A enquisa pode entregarse co propio produto ou darlles unha ligazón para que a valoren en liña.

O número de mostras que se van a entregar á Deputación de Pontevedra dependerá da cantidade de aceite que se lle entregue ao Mosteiro de Armenteira, e será o equivalente a 38 xabóns de glicerina e 3 xabóns de aceites por litro de aceite (total: 41 xabóns por litro de aceite).

- Todos os produtos deberán ir correctamente empacquetados e deberán figurar obtidos do resultado das investigacións conxuntas I+D+i, "elaborados con aceite de camelia obtido na Estación Fitopatolóxica Areeiro", "Deputación de Pontevedra" e "Elaborado no Mosteiro de Santa María da Armenteira".

TERCEIRA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022 a e a súa duración será de 4 anos, podendo prorrogarse expresamente de mutuo acordo, se as partes o consideran oportuno, por outros 4 anos, de conformidade co disposto no art. 49. h) da Lei 4072015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CUARTA.- RESPONSABLES DO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A responsable por parte do Mosteiro Santa María de Armenteira do desenvolvemento da colaboración será a Superiora da Comunidade do Mosteiro, e terá como interlocutora válida por parte da Deputación á persoa que ostente a Xefatura do Servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro.



QUINTA.- ESTABLECEMENTO DA COMISIÓN MIXTA. INFORME DE SEGUIMENTO

Para facilitar o seguimento e cumprimento dos traballos a desenvolver, constituirase unha Comisión Mixta paritaria integrada pola persoa que ostente a Presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e a Superiora do Mosteiro de Armenteira ou persoa en quen delegue. Dita comisión constituirase no prazo de trinta días, contados a partires da data da sinatura deste Convenio. Ademais dun técnico de cada unha das institucións que realice directamente as tarefas relacionadas co convenio.

A partes manterán unha comunicación constante sobre os traballos realizados e reuniranse a petición de calquera delas para revisar os resultados obtidos e decidir sobre os pasos a seguir no desenvolvemento do convenio.

Todos os datos de cultivo, fenoloxía, produción, rendibilidade, calidade do aceite, produtos, etc. así como os problemas ou avances obtidos proporcionados por ambas as dúas partes serán recollidos nun informe que será redactado polo persoal da Estación Fitopatolóxica Areeiro unha vez ao ano e será confirmado de común acordo nunha reunión que se realizará no primeiro trimestre de cada ano.

A comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite unha das partes e, en todo caso, polo menos, unha vez ao ano. Se redactará unha acta de dicha reunión anual.

A falta de normas propias, a comisión mixta de seguimento rexerese polo establecido para os órganos colexiados na Sección III, Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).

SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE, PROPIEDAD E PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

Páctase expresamente que todos os dereitos derivados dos coñecementos que a EFA da Deputación de Pontevedra posúa con carácter previo ao desenvolvemento do proxecto seguirán pertencendo exclusivamente a esta, e tamén os resultados que, no seu caso, puidesen obterse en paralelo a partir de desenvolvementos futuros do coñecemento da EFA.

Ambas partes acordan que toda a información e datos que unha parte entregue ou facilite á outra, de forma oral, escrita, gráfica e/ou electrónica para o desenvolvemento da actividade obxecto deste contrato, será confidencial e secreta, e non se divulgará a ningún terceiro que non teña unha vinculación a este pacto de confidencialidade. As partes acordan así mesmo que toda a información revelada en virtude deste convenio será utilizada unicamente para as finalidades específicas para as que foi comunicada.

Os datos e informes obtidos durante a realización do proxecto conxunto, así como os resultados finais derivados deste convenio, terán carácter confidencial e serán propiedade de Mosteiro de Sta. María de Armenteira e da Deputación de Pontevedra,



polo que non poderán ser obxecto de difusión de ningún tipo sen autorización previa por ambas partes.

Tanto en publicacións como en calquera tipo de presentación respectarase sempre a mención aos autores do traballo e ao papel da Deputación. En calquera dos casos de difusión de resultados farase sempre referencia especial ao presente acordo.

Respecto da protección de datos de carácter persoal que podan ser obtidos a consecuencia da execución do convenio:

1. Réxime xurídico. As partes asinantes obríganse a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, (Regulamento xeral de protección de datos, RXPDP, en adiante), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD, en adiante) e demais disposición vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

2. Xustificación do tratamento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas deste convenio e, no seu caso, no apartado "normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal> ou no rexistro de tratamentos propio (<https://www.depo.gal/transparencia/proteccion-de-datos/inventario-de-tratamentos?tratamento=64-estacion-fitopatologica-de-areeiro>)

Polo tanto, son de aplicación os arts. 6.1 c) e 6.1 e) do RXPDP por remisión do art. 8 da LOPDGDD, sendo a súa base xurídica a que se expón no expositivo do propio convenio.

3. Descrición e fins do tratamento a efectuar. Prohibición de cesión. De conformidade co art. 28.3 do RXPDP o tratamento será o estritamente necesario para o cumprimento do obxecto do presente convenio. Non poderán, os datos, ser usados para un fin distinto, nin poderán ser comunicados a terceiros nin sequera para a súa conservación. Non se prevén cesións máis alá de ás partes asinantes.

4. Confidencialidade. As persoas autorizadas para tratar os datos persoais estarán sometidas ao deber de sigilo, secreto respecto dos mesmos, derivado da lexislación aludida.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en:

<https://www.depo.gal/es/transparencia/proteccion-de-datos> así como nas restantes sedes electrónicas ou lugares propios das demais entidades convenientes.



OCTAVA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Modificación do Convenio.-

As partes poderán modificar os termos do presente Convenio por acordo mutuo debendo quedar todo reflectido por escrito nunha addenda ao actual.

Resolución do Convenio.-

As partes poderán negociar a resolución do presente convenio por acordo mutuo.

Os efectos da resolución rexeranse polo disposto no art. 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente poderá ser obxecto de resolución cando unha das partes non cumpra coas obrigas e termos estipulados no mesmo. A parte infractora poderá subsanar a falta dentro dos trinta (30) días seguintes tras recibila notificación por escrito certificado con acuse de recibo emitida por outra parte, na que se indicarán as causas polas que se comunica a decisión de resolver o convenio. Dita notificación haberá remitirse igualmente á Comisión de seguimento e ás demais partes asinantes. No caso de resolución quedarán automaticamente anulados os dereitos da parte infractora estipulados neste convenio.

NOVENA.- NATUREZA DO CONVENIO, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

Este convenio ten natureza administrativa e está sometido ao réxime previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio non ten por obxecto prestacións propias dos contratos do sector público.

En cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Resolución, do 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos realizados polas entidades do sector público local, este convenio, cuxos compromisos económicos non superan os seiscientos mil (600.000) €, será rexistrado na aplicación informática da Deputación con obxecto de incorporar os seus datos á relación certificada anual que se lle debe remitir ao Tribunal de Contas. . Tal remisión haberá de efectuarse así mesmo ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade co Acordo do seu Pleno do 8 de febreiro de 2017 que aproba a instrución relativa á remisión telemática dos convenios e da relación anual de aqueles formalizados polas entidades do sector público local de Galicia (DOG de 24.03.2017).

Así mesmo, para garantir o cumprimento dos principios de igualdade, publicidade e transparencia darase publicidade ao Convenio na páxina web da Deputación.



As cuestións litixiosas ás que poidan dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución deste Convenio serán resoltas amigablemente entre as partes. Se non houberse acordo, as discrepancias que xurdan serán do coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo, con arranxo á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, e someteranse as partes á xurisdición dos xulgados e tribunais de Pontevedra.

En proba de conformidade, as partes asinan este documento.

A Presidenta da Deputación de
Pontevedra

M^a del Carmen Silva Rego

A Superiora da Comunidade do Mosteiro
de Sta. María de Armenteira

Ana Moneo Castel-Ruiz

O Secretario da Deputación

Carlos Cuadrado Romay

